



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Contabilidade | Código | 611G01020 | |
| Titulación | Grao en Economía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánInglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Empresa | | | |
| Coordinación | Muiño Vazquez, María Flora | Correo electrónico | flora.muino@udc.es | |
| Profesorado | Anido Martinez, Cristina | Correo electrónico | cristina.anido@udc.es | |
| | Enriquez Díaz, Joaquín | | joaquin.enriquez@udc.es | |
| | Muiño Vazquez, Maria Flora | | flora.muino@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Introducir ao alumnado nos conceptos básicos relativos ao proceso de elaboración, comunicación e interpretación da información financeira. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | CE1- Contribuír á boa xestión da asignación de recursos tanto no ámbito privado como no público. |
| A2 | CE2-Identificar e anticipar problemas económicos relevantes en relación coa asignación de recursos en xeral, tanto no ámbito privado como no público. |
| A3 | CE3-Aportar racionalidade á análise e á descripción de calquera aspecto da realidade económica. |
| A4 | CE4-Avaliar consecuencias e distintas alternativas de acción e seleccionar as mellores, dados os obxectivos. |
| A5 | CE5-Emitir informes de asesoramento sobre situación concretas da economía (internacional, nacional ou rexional) ou de sectores da mesma. |
| A6 | CE6-Redactar proxectos de xestión económica a nivel internacional, nacional ou rexional. Integrarse na xestión empresarial. |
| A7 | CE7-Identificar as fontes de información económica relevante e o seu contido. |
| A8 | CE8-Entender as institucións económicas como resultado e aplicación de representacións teóricas ou formais acerca de cómo funciona a economía. |
| A9 | CE9-Derivar dos datos información relevante imposible de recoñecer por non profesionais. |
| A10 | CE10-Usar habitualmente a tecnoloxía da información e as comunicación en todo a seu desempeño profesional. |
| A11 | CE11Leer e comunicarse no ámbito profesional en máis dun idioma, en especial en inglés. |
| A12 | CE12-Aplicar á análise dos problemas criterios profesionais baseados no manexo de instrumentos técnicos. |
| A13 | CE13-Comunicarse con fluidez no seu contorno e traballar en equipo. |
| B1 | CB1 - Que os estudantes demostren posuir e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que soe encontrar nun nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que se demostran por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da su entorna de traballo. |
| B3 | CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da su área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado |
| B5 | CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |



| | |
|----|--|
| B6 | CG1- Que os estudantes formados se convertan en profesionais capaces de analizar, reflexionar e intervir sobre os diferentes elementos que constitúen un sistema económico |
| B7 | CG2 - Que os estudantes coñezan o funcionamento e as consecuencias dos sistemas económicos, as distintas alternativas de asignación de recursos, acumulación de riqueza e distribución da renda e estean en condicións de contribuír ao seu bo funcionamento e mellora |
| B8 | CG3 -Que os estudantes sexan capaces de identificar e anticipar os problemas económicos relevantes, identificar alternativas de resolución, seleccionar as máis axeitadas e avaliar os resultados aos que conduce. |
| B9 | CG4 -Que os estudantes respecten os dereitos fundamentais e de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con minusvalidez. |
| C1 | CT1-Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | CT2-Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | CT3-Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | CT4-Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | CT5-Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | CT6-Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|----------------------------|----------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | A1 | B2 | C3 |
| Coñecer o método contable e o seu output: os estados financeiros | A4 A5 A6 A7 A8 A9 A10 A12 | B7 | |
| Rexistrar contablemente, presentar e interpretar calquera transacción económica básica. | A1 A2 A3 A4 A5 A9 | | C3 C5 |
| Capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos. | A7 A9 | B1 B3 B5 B6 B8 | C3 C6 |
| Capacidade para traballar en equipo de maneira consultiva. | A7 A11 A13 | B4 B9 | C1 C7 C8 |
| Ter un comportamento ético nos negocios. | A1 A2 | | C4 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|--|---|
| Primeira parte: Fundamentos básicos da contabilidade | |
| Tema 1: Decisións empresariais e contabilidade financeira | 1.1. Actividade empresarial e necesidade de información 1.2. Usos e usuarios da información financeira e non financeira 1.3. Normativa para a elaboración da información |
| Tema 2: O balance de situación | 2.1. Propósito do balance de situación 2.2. Compoñentes do balance de situación 2.3. Transaccións e balance de situación |
| Tema 3: A conta de resultados e o estado de fluxos de efectivo | 3.1. Propósito da conta de resultados 3.2. Formato da conta de resultados 3.3. Relación entre conta de resultados e balance de situación 3.4. Fluxos de efectivo: cobros e pagos |
| Tema 4: O método contable | 4.1. Análise das transaccións. Principio de dualidade 4.2. Rexistro de transaccións. O esquema de cargos e abonos |
| Tema 5: Rexistros contables | 5.1. Anotacións no libro diario 5.2. Traspaso do libro diario ao libro maior 5.3. Balance de comprobación e estados financeiros |
| Tema 6: O ciclo contable | 6.1. O exercicio contable 6.2. Rexistro de transaccións 6.3. Axustes previos ao peche de exercicio 6.4. Preparación de estados financeiros 6.5. Peche de contas temporais |
| Segunda parte: Análise e interpretación de estados financeiros | |
| Tema 7: O contido dos estados financeiros | 7.1. Estrutura e contido dos estados financeiros básicos. 7.2. Estados financeiros comparativos e gráficos para estudar a evolución ao longo do tempo 7.3. Comparacións entre empresas; utilidade das porcentaxes verticais |
| Tema 8: Liquidez e eficiencia | 8.1. Activos e pasivos correntes 8.2. Estudo das rotacións e dos prazos |
| Tema 9: Solvencia | 9.1. Endebedamento 9.2. Cobertura de intereses 9.3. Capacidade de xerar fluxos de efectivo |
| Tema 10: Estudo da rendibilidade | 10.1. Rendibilidade económica 10.2. Rendibilidade financeira 10.3. Débeda e rendibilidade |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A7 A8 | 8 | 12 | 20 |
| Discusión dirixida | A4 A5 A9 A11 A13 B4 B6 B8 B9 C4 C6 | 7 | 12 | 19 |
| Obradoiro | A6 A10 A12 B2 B1 B3 B5 B7 C1 C3 C5 C7 C8 | 12 | 24 | 36 |
| Prácticas a través de TIC | A7 A9 A10 B2 B3 C3 | 11 | 22 | 33 |
| Presentación oral | A9 A10 A13 B2 B3 B4 | 3 | 12 | 15 |
| Foro virtual | A13 B3 B4 C3 | 0 | 2 | 2 |



| | | | | |
|----------------------------|-----------------|---|---|----|
| Proba de resposta múltiple | A4 B2 | 1 | 4 | 5 |
| Proba práctica | A9 A12 B2 B3 C3 | 2 | 4 | 6 |
| Proba obxectiva | A4 B2 | 2 | 8 | 10 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición, feita polos docentes, dos conceptos básicos necesarios para que os estudantes poidan buscar solución aos problemas contables tratados no programa. |
| Discusión dirixida | Preparación dos temas formulados polo profesorado da materia e participación na discusión dos mesmos na aula. |
| Obradoiro | Traballo individual e en grupo, guiado polo profesorado da materia, para a resolución, presentación e discusión de exercicios e casos prácticos. |
| Prácticas a través de TIC | Utilización de software de contabilidade para a teneduría de libros e a preparación de estados financeiros, uso da folla de cálculo para desenvolver a análise de estados financeiros e emprego de ferramentas de presentación para a defensa do traballo na aula. |
| Presentación oral | Presentación na aula dun traballo realizado en equipo e seguindo as orientacións do equipo docente da materia. |
| Foro virtual | Utilización do foro de Moodle para propor dúbidas e/ou responder ás preguntas dos compañeiros sobre calquera aspecto relacionado ca materia, fundamentalmente, para a resolución dos casos prácticos. |
| Proba de resposta múltiple | Durante o curso realizarase una proba tipo test sen previo aviso. |
| Proba práctica | Probas asociadas ao obradoiro e ás prácticas a través de TIC e deseñadas para avaliar o traballo realizado polos estudantes fóra da aula para resolver os exercicios e casos prácticos. |
| Proba obxectiva | Exame final sobre aspectos teóricos e prácticos. |

| Atención personalizada | |
|----------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Proba obxectiva | Os problemas contables propostos para a súa resolución na aula teñen por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e da técnica contable. Para isto, o estudante será guiado polo docente de xeito que poda chegar á solución ou solucións dos problemas que se lle propoñen. Adicionalmente, por medio das titorías, o profesorado da materia guiará a preparación das cuestións propostas para discutir na aula e a resolución das tarefas deseñadas para realizar fora da aula. Por último, as titorías en grupo (4 horas ao longo do cuadrimestre) destinaranse a discutir casos prácticos que pola súa complexidade ou variedade de solucións posibles requiren un maior grado de atención personalizada. Os grupos dividiranse en dous (15 alumnos aprox.) para as titorías en grupo. O profesorado da materia tratará de fixar as horas para as mesmas, se hai dispoñibilidade de aulas, na franxa horaria inmediatamente anterior ou posterior a aquela na que o grupo teña asignada a súa docencia. |
| Discusión dirixida | |
| Proba de resposta múltiple | |
| Obradoiro | |
| Prácticas a través de TIC | |
| Presentación oral | |
| Proba práctica | |

| Avaliación | | | |
|----------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba obxectiva | A4 B2 | A fin de curso, no día e hora fixados polo centro, realizarase un exame dos contidos teóricos e prácticos. | 30 |
| Proba de resposta múltiple | A4 B2 | Durante o curso realizarase unha proba tipo test sen previo aviso. | 10 |
| Presentación oral | A9 A10 A13 B2 B3 B4 | Pedirase aos estudantes que presenten na aula un caso práctico que deberán resolver previamente e traballando en grupo. Na valoración deste caso práctico terase en conta o rigor na súa resolución, a presentación feita na aula e a resposta ás preguntas formuladas por profesorado e estudantes. | 20 |



| | | | |
|----------------|-----------------|--|----|
| Proba práctica | A9 A12 B2 B3 C3 | Ao inicio de cada unha das sesións destinadas a discutir exercicios e casos prácticos, o docente presentará aos estudantes un pequeno exercicio, similar aos propostos para realizar fora da aula, que deberá ser resolto de xeito individual no tempo marcado polo docente. Estes exercicios recolleranse e de todos eles valoraranse catro, elixidos aleatoriamente ao rematar o cuatrimestre. | 40 |
|----------------|-----------------|--|----|

Observacións avaliación



A metodoloxía proposta

persigue dous obxectivos básicos: i) incentivar ao alumnado para que traballe de xeito continuado ao longo do curso e ii) fomentar a autonomía do estudante no proceso de aprendizaxe. Con este fin, ao estudante pídeselle que:

a) Semanalmente realice os exercicios e casos prácticos propostos polo profesorado da materia. Recoméndase o traballo en equipo para discutir as posibles solucións. b) Prepare, en grupo e seguindo as indicacións do equipo docente da materia, un caso práctico para ser presentado na aula na data marcada polo profesorado da materia. c) Prepare, individualmente ou en grupo, as cuestións e exercicios propostos polo equipo docente da materia para ser debatidos na aula e que participe activamente nas discusións promovidas na clase, así coma naquelas que xurdan no foro virtual. Valorarase, tanto o rigor nos argumentos utilizados, consecuencia da súa preparación previa, como a habilidade para presentar e defender o seu punto de vista fronte ao dos seus compañeiros. Por esta vía (participación activa na aula/foro) o estudante pode compensar con ata 1 punto a cualificación total obtida nas probas escritas realizadas durante o curso, sen superar o máximo que corresponde a esta avaliación (5 puntos). Deste xeito, o estudante que, por calquera razón, non realice algunha das probas de avaliación continua (proba de resposta múltiple ou probas prácticas) será cualificado con un cero nesa proba, pero esa cualificación poderá ser substituída pola nota obtida ca súa participación na clase. Isto é, dos seis elementos a ter en conta (proba intermedia, catro probas prácticas e participación) elixiranse os cinco que presenten as maiores cualificacións. Estudantes

en réxime de dedicación parcial.

Dadas as peculiaridades da materia, recoméndase aos estudantes aos que lles fora concedido o réxime de dedicación parcial que, de ser posible, traten de asistir asiduamente ás clases e participar nas actividades de avaliación continua. Se isto non fose posible, estes estudantes e só estes estudantes, poderán realizar, en lugar das diferentes probas de avaliación continua, unha única proba mixta encamiñada a avaliar todas as competencias e contidos propios da materia. Esta proba será en parte ou na súa totalidade oral e realizarase antes do remate das clases nunha data concordada entre todos os estudantes que estean nesta situación e o equipo docente da materia. A cualificación obtida nesta proba será considerada como a nota de avaliación continua destes estudantes. Deberán, pois, realizar o exame final na mesma data e condicións que o resto do alumnado. Os estudantes en réxime de dedicación parcial deben contactar co profesorado da materia antes do 28 de febreiro. En canto ao exame final e á cualificación na acta, lémbrense os seguintes acordos da Comisión Permanente da Facultade de Economía e Empresa do 6 de xullo de 2011: Cualificación de non presentado.

Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada. Condicións de realización do exame final.

Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información. Avaliación da oportunidade de xullo. Esta debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuadrimestre.



Por último, no caso de que
ao estudante se lle conceda unha oportunidade de "avaliación adiantada",
e só nese caso, realizarase unha proba mixta encamiñada a
avaliar todas as competencias e contidos propios da materia. Esta proba será en parte ou na súa totalidade oral. A valoración desta proba
mixta representará o 100% da cualificación na acta.



Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- Arquero Montaña, J. L., Jiménez Cardoso, S.M. y Ruiz Albert, I. (2015). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pirámide- Larrán Jorge, Manuel (Coord.) (2009). Fundamentos de Contabilidad Financiera. Pirámide- Muñoz Merchante, Ángel (2014). Introducción a la Contabilidad Financiera. Ediciones Académicas- Phillips, F., Libby, R., and Libby, P.A. (2006). Fundamentals of Financial Accounting. McGraw Hill- Reverte Maya, Carmelo (2014). Exercises of Financial Accounting. Ecobook- Sutton, T. (2004). Corporate Financial Accounting and Reporting. Prentice Hall |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Horngren, C.T.; Harrison, W.T y Bamber, L. S. (2003). Contabilidad. Pearson- Camacho Miñano, M. M. y Rivero Menéndez, M.J. 2010 (2010). Introducción a la Contabilidad Financiera. Pearson- Solà Tey, Magda y Vilardell Riera, Inmaculada (2009). Introducción a la Contabilidad General. McGraw Hill |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Análise das Operacións Financeiras/611G01004

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G01008

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Nesta materia, todo o intercambio de documentos e traballos entre profesorado e alumnado realizarase en formato dixital, a través de Moodle.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías